

# RESUMO ACTIVIDADE

2021



**ENTRADA EXPEDIENTES**



# Entrada expedientes para valorar

2021




1.712



# Entrada expedientes para valorar

2006  
2021



**Total expedientes: 54.098**

# Notas

- No ano 2021 entraron no XEG 1.712 expedientes para valorar confirmando a liña ascendente de entrada de expedientes dos últimos anos.
- Dende o comezo da actividade do XEG ata 2021 entraron para a súa valoración 54.098 expedientes que forman parte de 2.074 proxectos de expropiación, polo que a ratio de expedientes (ou pezas a valorar)/por proxecto arroxa un número de 26,08 expedientes.
- A media de entrada de expedientes se sitúa en 3.381 exp/ano.


# TIPOS DE EXPEDIENTES A VALORAR



# Entrada expedientes para valorar SEGUNDO O TIPO


2021

Tipo de expediente valoración	Recibidos
De prezo xusto	1.707
Ordinarios	17
Urxentes	1.642
Taxación conxunta	39
Ocupación temporal	0
Ministerio da lei	9
Retaxación	0
De reversión	0
De compensación	0
De execución de sentenza	5
Total expedientes valoración	1.712



# Entrada expedientes PREZO XUSTO para valorar

2021






# Entrada expedientes para valorar SEGUNDO O TIPO

2006  
2021


Tipo de expediente valoración	Entrados
<b>De prezo xusto</b>	<b>53.371</b>
Ordinarios	2.432
Urxentes	40.925
Taxación conxunta	9.888
Ocupación temporal	21
Ministerio da lei	53
Retaxación	52
<b>De reversión</b>	<b>119</b>
<b>De compensación</b>	<b>26</b>
<b>De execución de sentenza</b>	<b>582</b>
<b>Total expedientes valoración</b>	<b>54.098</b>



# Entrada expedientes PREZO XUSTO para valorar

2006  
2021

Expedientes de prezo xusto 53.371



# Notas


- Neste epígrafe hai que diferenciar entre expedientes propiamente ditos de prezo xusto (ordinarios, urxentes, de taxación conxunta, ministerios da lei e retaxacións) dos de reversión, compensación e execución de sentenza. Os primeiros supoñen máis dun 99,71% dos expedientes para o ano 2021 e dun 98% para o período 2006-2021; polo que os segundos teñen case un carácter residual.
- Dos expedientes propiamente ditos podemos subliñar que para o ano 2021 o 96,19% pertencen ao procedemento urxente, mentres que para o período 2006-2021 o 76,68 % pertencen a ese procedemento.

# EXPROPIANTES




# Entrada expedientes Administracións expropiantes

2021



# Entrada expedientes Administracións expropiantes


2021






# Entrada expedientes Administracións expropiantes

2006  
2021



# Entrada expedientes Administracións expropiantes

2006  
2021



# Notas

- Para o ano 2021, as cifras de remisión de expedientes para a súa valoración amosan que nun 86,97% dos expedientes a administración expropiante foron entidades dependentes da Xunta de Galicia e nun 13,03% as corporacións locais, cifra que para o período 2006-2021 é do 84,55% fronte ao 15,45%.
- No ano 2021 podemos destacar a entrada de 1.037 expedientes procedentes do Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Emprego e Innovación que supoñen un 60,57% do total deste ano.
- De forma xeral e por orde de importancia podemos subliñar que os expropiantes máis relevantes son a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Emprego e Innovación; seguida da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; as deputacións provinciais; e por último os concellos.

# BENEFICIARIOS

# Beneficiarios

2006  
2021

Expropiante	Beneficiarios	Entrada expedientes valoración	
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)			34.567
	CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	21.262	
	AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, ZONA FRANCA E OUTRO	6.549	
	CONCESIONARIAS DE ESTRADAS	3.993	
	ENTIDADES EMPRESARIAIS (AUGAS DE GALICIA, SOGAMA, SPI...)	1.256	
	XESTUR	1.237	
	IGVS	238	
	OUTROS	32	
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación			10.359
	FENOSA (NATURGY....)	6.240	
	BEGASA	565	
	E-ON	431	
	GAMESA	391	
	ENDESA	311	
	OUTRAS	2.421	
Outras consellerías			823
	CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, POLÍTICA SOCIAL...	67	
	UNIVERSIDADE DE A CORUÑA	2	
	SERGAS	263	
	RETEGAL	4	
	AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, ZONA FRANCA E OUTRO	485	
	PORTOS DE GALICIA	2	
Deputacións			5.620
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	2.930	
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	2.020	
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	443	
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	220	
	CONCELLOS	7	
Concellos			2.729
	CONCELLO	1.929	
	OUTROS (ENTIDADES PÚBLICAS, PROMOTORAS, PERSONAS FÍSICAS,...)	685	
	XUNTAS DE COMPENSACIÓN	106	
	COMUNIDADES DE PROPIETARIOS	9	
			54098

# Notas

Se temos en conta a relación Expropiante/Beneficiario podemos sinalar o seguinte:

1. cando o expropiante foi a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é a propia consellería a que aparece máis veces como beneficiaria cun 61,51% dos casos; logo estaría o ente composto pola Autoridade Portuaria de Vigo-Zona Franca-Outro cun 18,95% dos casos; de seguido aparecerían as empresas concesionarias de estradas cun 11,55% dos casos; e por último outras entidades empresariais.
2. cando o expropiante foi a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ésta non é nunca beneficiaria das expropiacións, son na totalidade dos casos empresas privadas relacionadas co sector eléctrico (destacando Unión Fenosa con máis do 60% dos expedientes)
3. cando os expropiantes foron as Deputacións Provinciais a beneficiaria coincide na mesma deputación o 99% das veces e o 1% son os concellos.
4. cando os expropiantes foron os concellos os beneficiarios adoitan a ser os propios concellos (70,65% dos expedientes) e o resto son entidades varias como promotores, entidades empresariais, comunidades de propietarios, xuntas de compensación, etc.



**EXPROPIADOS**



# Expropiados

2006  
2021

Entrada expedientes con titulares coñecidos	Entrada expedientes con titulares coñecidos con dirección postal	44.105	81,54%
	Entrada expedientes con titulares coñecidos sen dirección postal	4.981	9,21%
Entrada expedientes con titulares descoñecidos	Entrada expedientes con titulares descoñecidos	5.012	9,25%
	Total	54.098	


Hai pouco que sinalar neste apartado, simplemente reflectir que dos 54.098 expedientes que entraron no Xurado dende o seu inicio un 81,54% dos expropiados estaban claramente identificados sendo o resto titulares sen algún domicilio coñecido ou de identidade descoñecida (nestes casos as comunicacións que realiza o XEG se dirixen ao ministerio fiscal da provincia correspondente)

# DISTRIBUCIÓN GEOGRÁFICA




# Distribución xeográfica da entrada de expedientes

2021



# Distribución xeográfica da entrada de expedientes

2006  
2021



# Notas

- Analizando dende un punto de vista xeográfico provincial a procedencia dos expedientes que se reciben no XEG, vemos que a provincia da Coruña (39,02%) e a de Lugo (36,39%) é onde as administracións expropiantes son máis activas en relación con esta actividade durante o ano 2021. Durante o período 2006-2021 son as provincias da Coruña (33,36%) e de Pontevedra (35,61%) das que ata agora proceden máis expedientes a tramitar polo Xurado.
- Como dato global, dos 313 concellos que hai en Galicia, no Xurado de Expropiación de Galicia recibíronse expedientes con bens ou dereitos para a súa valoración situados en 301 concellos, o que supón un 96,17% dos concellos de Galicia.
- Os 12 concellos que non tiveron predios obxecto dunha determinación de prezo xusto por parte deste Xurado son: A Capela na provincia da Coruña; Arnoia, Baños de Molgas, Beade, Castrelo do Val, Entrimo, Laza, Lobeira, Os Blancos, Pontedevea e Sarreaus na provincia de Ourense; e Mondariz-Balneario na provincia de Pontevedra. Na provincia de Lugo houbo expedientes de tódolos Concellos. Con respecto a anos anteriores desaparecen deste listado Manzaneda, Montederramo e Xunqueira de Espadañedo.




# MOTIVO DA EXPROPIACIÓN



# Entrada expedientes segundo o motivo que provoca a expropiación

2021

Liñas eléctricas	622
Viais	600
Parques eólicos	415
Saneamento	24
SD	14
Dotacional espazos libres	7
Abastecemento de auga	6
Dotacional educativo	6
Solo empresarial	5
Dotacional sanitario	5
Dotacional asistencial	4
Acondicionamento entorno ríos	3
Solo residencial	1
<b>TOTAL</b>	<b>1.712</b>





- Liñas eléctricas
- Parques eólicos
- Abastecemento de auga
- Viais
- Solo empresarial
- Acondicionamento entorno ríos
- Dotacional asistencial
- Dotacional educativo
- Saneamento
- Dotacional sanitario

# Entrada expedientes segundo o motivo que provoca a expropiación

2006  
2021

Viais	32.329
Solo empresarial	9.029
Liñas eléctricas	8.175
Parques eólicos	1.179
Aproveitamentos hidroeléctricos	444
Saneamento	434
Gasodutos	425
Solo residencial	325
Dotacional sanitario	285
Acondicionamento entorno ríos	260
SD	214
Dotacional espazos libres	200
Dotacional educativo	133
Abastecemento auga	100
Intervencións na costa	90
Dotacional cultural	87
Obras en portos	87
Dotacional deportivo	86
Seguridade ferroviaria	80
Mellora tratamento residuos	51
Dotacional administrativo	32
Concesións mineiras	24
Dotacional docente	21
Dotacional asistencial	8
<b>TOTAL</b>	<b>54.098</b>



# Notas

- No ano 2021 dos expedientes expropiatorios que tiveron entrada no XEG a maioría foron consecuencia da implantación de liñas eléctricas co 36,33%, da construción de viais (autoestradas, estradas e camiños) cun 35,05% e os parques eólicos co 24,24%. Estes tipos supoñen máis do 95 % do total.
- Se analizamos o mesmo dato no período 2006-2021 observamos que os tipos de proxectos con maior peso son os relativos a viais co 59,76%, o solo empresarial co 16,69% (como sinalamos en apartados anteriores, aquí inflúe entre outras cousas o citado proxecto da Plataforma Industrial de Salvaterra-As Neves) , as liñas eléctricas co 15,11% e os parques eólicos co 2,18%. Estes tipos supoñen máis do 93 % do total.

# IMPORTES DAS VALORACIÓNS



# Importes segundo as partes interesadas

2021

- Totais

Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
1.997	9.931.922,77 €	15.134.313,13 €	43.874.123,09 €

- Prezo medio

Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
1.997	4.973,42 €	7.578,22 €	21.970,02 €



# Importes segundo as partes interesadas

2006  
2021

- Totais

Ano	Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
2006	1.792	18.071.881,08 €	22.988.700,28 €	83.692.036,53 €
2007	8.201	34.810.732,59 €	54.237.944,95 €	172.050.434,58 €
2008	4.688	31.354.957,48 €	53.826.827,62 €	114.774.674,85 €
2009	3.777	40.927.497,69 €	51.539.243,88 €	167.834.253,72 €
2010	5.135	34.646.538,92 €	51.371.924,35 €	183.609.352,42 €
2011	5.301	84.853.749,95 €	86.577.450,89 €	243.176.509,79 €
2012	5.561	58.727.837,49 €	76.480.244,94 €	275.495.741,85 €
2013	5.709	28.825.273,09 €	40.648.157,83 €	186.970.541,26 €
2014	2.643	25.758.012,00 €	32.969.133,71 €	243.531.328,99 €
2015	2.283	14.627.024,02 €	28.079.201,12 €	89.075.836,36 €
2016	1.509	7.425.613,17 €	12.374.555,57 €	49.100.061,59 €
2017	1.166	9.731.950,04 €	12.092.628,01 €	31.919.015,74 €
2018	1.120	5.655.277,17 €	12.046.653,30 €	81.526.716,57 €
2019	1.122	3.313.168,50 €	5.122.610,78 €	17.443.921,52 €
2020	1.714	5.741.924,24 €	9.394.652,16 €	31.781.587,29 €
2021	1.997	9.931.922,77 €	15.134.313,13 €	43.874.123,09 €
<b>TOTAL</b>	<b>53.718</b>	<b>414.403.360,20 €</b>	<b>564.884.242,52 €</b>	<b>2.015.856.136,15 €</b>

- Prezo medio

Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
53.718	7.714,42 €	10.515,73 €	37.526,64 €


# Notas

- Neste apartado imos facer referencia aos expedientes de expropiación que foron resoltos polo Xurado tanto mediante a forma normal de terminación (resolución) como por algunha outra forma de terminación especial, pero non se teñen en conta unha bolsa de expedientes que tiveron entrada nos períodos descritos e que serán valorados ao longo do ano 2022.
- O resultado das valoracións no ano 2021 en importe comparado, entre o ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, indica que as valoracións con respecto ás administracións expropiantes se incrementaron en máis de 5,2 millóns de euros (un 52,38% máis dos prezos dos expropiantes). Así o prezo medio acadado polo Xurado é de 7.578,52 euros por expediente (2.605,01 euros máis de media por expediente con respecto ás administracións expropiantes).
- No período 2006-2021 o XEG incrementou as valoracións dos expropiantes en máis de 150 millóns de euros (un 36,31% máis) Así o prezo medio acadado polo Xurado é de 10.515,73 euros por expediente (2.801,31 euros máis de media por expediente con respecto ás administracións expropiantes)
- Hai que sinalar que algúns expedientes non chegan a ser valorados. Son aqueles que entran no Xurado e teñen unha forma de finalización distinta á unha resolución de prezo xusto, é dicir, inadmisións, terminacións especiais, mutuos acordos, etc.

# Intervalos de valoraciones

2021


Intervalo	Expedientes
De 0 a 1000	1199
De 1000 a 5000	528
De 5000 a 10000	123
De 10000 a 50000	112
De 50000 a 150000	13
De 150000 a 500000	5
De 500000 a 1000000	6
Dende 1000000	2
Sen Valoración	9
<b>TOTAL</b>	<b>1997</b>



# Intervalos de valoraciones

2006  
2021

Intervalo	Expedientes
De 0 a 1000	21365
De 1000 a 5000	16081
De 5000 a 10000	5182
De 10000 a 50000	5880
De 50000 a 150000	1192
De 150000 a 500000	430
De 500000 a 1000000	88
Dende 1000000	41
Sen Valoración	3459
<b>TOTAL</b>	<b>53718</b>



# Notas

- Analizando os intervalos de valoración dos expedientes que se tramitaron no ano 2021 vemos que o 86,48% dos expedientes foron de valores de ata 5.000 euros, o cal da unha idea das pequenas propiedades que en Galicia son obxecto de valoración por parte do XEG
- Os resultados da serie histórica 2006-2021 amosan un 69,71% de expedientes cun importe de valoración de ata 5.000 euros, o que comparado co dato do ano 2021, significa que estes expedientes de pequeno importe vanse incrementando durante os últimos anos

# Maiores valoracións

2021

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	A Coruña	MINISTERIO DA LEI RELATIVO A PARCELA CATASTRAL 9102034NJ4090S0001MX (MIRAMAR CASTRILLON SL) NO CONCELLO DA CORUÑA	2.016.866,01 €
Lugo	Lugo	MINISTERIO DE LEI NA RUA XERMAN ALONSO Nº 14 DO CONCELLO DE LUGO	95.359,13 €
Ourense	Ourense	MINISTERIO DE LEI EXPROPIACION DA FINCA ACEVEDO NO BARRIO DA CRUZ ALTA. TM OURENSE	1.834.367,17 €
Pontevedra	Pontevedra	BENS E DEREITOS QUE SE PRECISAN OCUPAR PARA A EXECUCION DO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA AMPLIACION DO HOSPITAL GRAN MONTECELO	993.661,76 €

# Maiores valoracións

2006  
2021

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	A Coruña	REVERSIÓN PREDIOS SECTOR 10 PARQUE OFIMÁTICO PXOM DA CORUÑA	4.705.123,19 €
Lugo	Lugo	ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO	2.485.023,86 €
Ourense	Ourense	MINISTERIO DE LEI EXPROPIACIÓN DA FINCA ACEVEDO NO BARRIO DA CRUZ ALTA. TM OURENSE	1.834.367,17 €
Pontevedra	Mos	PARQUE EMPRESARIAL DE MOS	4.414.868,94 €

# Importes medios por concellos

2021

Tomando como base o “*Informe de Valoracións de Solo por Concello. Plenos do ano 2021*” podemos sinalar que os importes medios acadados nos distintos Concellos:

- - En solo rural: para o ano 2021 os importes medios máis altos que se acadaron foron de 8,87 €/m<sup>2</sup> en solo forestal e de 21,17 €/m<sup>2</sup> en solo agrícola.
- - En solo urbanizado: para o ano 2021 acadáronse importes máximos de ata 104,62 €/m<sup>2</sup> en núcleo rural e de 2.863,03 € en urbano



# SUPERFICIES



# Superficies de solo e voo


2021

Superficie Voo

369.823 m<sup>2</sup>


Superficie Solo

287.958 m<sup>2</sup>




# Superficies de solo e voo

2006  
2021




# Distribución superficie solo

2021



# Distribución superficie solo

2006  
2021



# Notas

- No ano 2021 o XEG valorou expedientes de expropiación que acumulan superficies de case 288.000 m<sup>2</sup> de solo e máis de 369.000 m<sup>2</sup> de voo
- No período 2006-2021 o XEG valorou expedientes de expropiación que acumulan superficies de máis de 35 millóns de m<sup>2</sup> de solo e máis de 5,5 millóns de m<sup>2</sup> de voo
- Se examinamos unicamente o solo por ser a variable máis importante, no ano 2021 un 17,98 % dos m<sup>2</sup> corresponderían a “superficie urbana”, un 81,92 % dos m<sup>2</sup> a “superficie rústica” e un 0,01% a “superficie industrial”. No período 2006-2021 estas porcentaxes varían sendo dun 37,09% urbana, dun 62,90% rústica e dun 0,009% industrial, do que se conclúe a maior importancia das expropiacións en solo rústico nos últimos anos

# OUTRAS TRAMITACIÓNS DO XURADO



# Recursos de reposición

2021




■ entrada  
■ tramitados




# Recursos de reposición

2006  
2021




# Remisión de documentación ao TSXG

2021



# Remisión de documentación ao TSXG

2006  
2021



# TENDENCIA ANO 2021

- Incrementábase en 2021 o nº expedientes de forma considerable
- Por provincias Lugo fai “sorpaso” á da Coruña (ata agora a de maior nº de expedientes)
- Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación supera á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
- Incrementábase en máis de 2.000 euros o prezo medio por expediente
- Incrementábase moito a superficie de voo valorada en detrimento da superficie de solo
- É polo anterior que baixan os m2 de solo en situación de rural valorados, mentras que se manteñen os m2 de urbana obxecto de valoración
- Incrementábase o nº de expedientes con valor inferior aos 5.000 euros
- Os expedientes con maior importe de valoración fixado polo Xurado pasan a ser 3 Ministerios de Lei nas provincias de Coruña, Lugo e Ourense; mentres que na provincia de Pontevedra se trata dun expediente pertencente ao proxecto de expropiación do Hospital Montecelo.

# TENDENCIA SERIE HISTÓRICA

- Ao longo dos 16 anos de existencia do Xurado de Expropiación de Galicia entraron para valorar máis de 54.000 expedientes. A tramitación polo procedemento de urxencia é o método máis empregado polos expropiantes supoñendo máis dun 76 % dos expedientes expropiatorios.
- O importe acumulado dos prezos xustos acadados mediante os acordos adoptados polo Pleno do XEG supera os 564 millóns de euros. Esta cifra incrementa en máis de 150 millóns de euros aos importes fixados polas administracións expropiantes o que supón un incremento do 36,31%.
- Entre 2006-2021 cando a superficie expropiada é o solo, o 62,90% dos casos obxecto de valoración son en solo rústico, e un 37,09% para o solo urbano.
- Os importes máis frecuentes das valoracións feitas polo XEG non superan os 10.000 euros.
- As provincias que ten máis actividade expropiatoria teñen en 2021 son A Coruña e Lugo e como administración expropiante é a Xunta de Galicia coa Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, as que máis expedientes tramitan, a primeira liñas eléctricas e parques eólicos, e a segunda expedientes de vías principalmente. Para o período 2006-2021 son A Coruña e Pontevedra as provincias con máis actividade e como administración expropiante é a Xunta de Galicia coas Consellerías de Infraestruturas e Mobilidade e a Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, as que máis expedientes tramitan, a primeira expedientes de vías principalmente, e a segunda expedientes de liñas eléctricas e parques eólicos.

# EXPEDIENTE TIPO ESTE AÑO 2021

- Así podemos sinalar que o expediente tipo expropiatorio máis frecuente valorado por parte do XEG no ano 2021 reuniría estas características:
  - 1. O expropiante sería a Consellería de Industria dependente da Xunta de Galicia
  - 2. O método empregado para a expropiación sería a tramitación de urxencia
  - 3. Os bens e dereitos expropiados estarían situados en solo rústico
  - 4. Posiblemente a súa expropiación se debese á construción dunha liña eléctrica, ou un vial
  - 5. A súa valoración polo XEG non superaría os 5.000 euros.